



ASUNTO: Que pasou no Pleno ca moción do PSOE sobre o Centro de Saúde

Ante as novas aparecidas nos medios durante estes días sobre a posición do Partido Popular de Caldas de Reis no pasado Pleno do 23/07/2018 sobre a Moción do PSG-PSOE sobre o Centro de Saúde de Caldas, queremos destacar o que indica a Acta do Pleno para que non quede ningún dúbida:

A moción contiña na súa exposición de motivos una cantidade innumerable de mentiras e valoracións demagóxicas sobre a postura do Partido Popular en temas sanitarios, e especialmente sobre a postura do Partido Popular de Caldas sobre o particular, e concluía todo elo con dúas propostas:

- 1) Instar á Xunta de Galicia a garantir a cobertura dos profesionais de baixa ou vacacións no centro de saúde de Caldas, para manter o mellor nivel asistencial posible.
- 2) Instar á Xunta de Galicia a comprometerse coa construción dun novo centro de saúde en Caldas, definindo con exactitude as condicións para o solar necesario e comprometéndose a colaborar lealmente co Concello para esta infraestrutura.

Pois ben, queremos deixar claro varios temas:

1. Sobre o punto primeiro do moción, nos, a diferenza do que fai o BNG e o PSG-PSOE de Caldas, nunca imos a antepoñer o Partido que representamos os intereses dos caldenses, nos defendemos a todos os profesionais da Sanidade, e en especial os do noso Centro de Saúde e PAC, e consideramos que é a situación e moi mellorable, por eso estabamos dispostos a apoiar o punto primeiro da moción, pero non quixeron votala por separado, e así o reflexa a nosa intervención no Pleno, que queda recollida en Acta:

“Ao voceiro do PP dálle igual o tema da carga política, pero a exposición de motivos da moción é un acto demagóxico que teñen que retirar para que o PP vote a favor”

“En canto á calidade asistencial é mellorable, polo que debe reforzarse o servizo. No PAC hai seis médicos, e dous médicos de vacacións non se poden substituír por falta de suplentes, polo que as cartillas se reparten entre os facultativos en activo”.

“O voceiro do PP dille ao voceiro do BNG que non lle entendeu, pois dixo e **quere que conste en acta que solicita o reforzo do centro de saúde**, polo que o seu discurso sobra. Non hai ningunha incongruencia”.

2. Sobre o punto da construción dun novo centro saúde, seguimos insistindo que é imposible construír un centro de saúde sen por a disposición da Xunta de Galicia os terreos, que se ten que facer un concurso público para que os propietarios interesados poidan ofrecer as propiedades cos seus prezos obxetivos, o Concello debe puntualos por precio, situación, extensión, etc. e esa clasificación enviarlla a Xunta de Galicia para que escolla, e una vez escolla terreo formalizar a compra, ese é o procedemento legal tal e como indica Secretaría, non hai outro, o demais e enredar por enredar, a Xunta enviou ata catro requerementos por escrito para escomenzar, no último incluso remiteu o borrador de convenio que se tería que asinar, o Pleno foi así:



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

NOS DIXEMOS “...o 2º punto teñen que reformulalo, pois o concello ten pendente poñer os terreos para a construción do novo centro de saúde a disposición do Sergas.

Non poden esquecer que no ano 2010 o Alcalde incumpriu o acordo aprobado por este Pleno de non poñer a disposición do Sergas os terreos da Tafona, que non resultaron aptos por estar en zona anegable.

Lembra que houbo ata catro escritos do Sergas ao concello en relación á parcela do novo centro de saúde, incluso enviaron unha proposta de convenio, e o Alcalde non contestou a ningún, así que pídelles ao Alcalde que faga o seu traballo.

Para que vai reservar cartos a Xunta para a redacción do proxecto, se non sabe onde vai a ir o centro de saúde?.

O concello ten que mover ficha, e por a disposición do Sergas un terreo que reúna as condicións esixidas, e se a Xunta non cumpre, nos seremos reivindicativos.

Esperamos que quede clara a nosa postura, pois e bastante clara, e por suposto, menos mal, así o recolle a acta do Pleno, o demais e falar por falar.



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620